



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE DEZASEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

Presidenta:

D^a. María del Carmen López Moreno

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López
D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezaseis de xaneiro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnen-se as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	1/47	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO ASESORAMENTO, XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DE REDES SOCIAIS DAS ÁREAS DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, MEDIO RURAL E DO MAR, MOCIDADE, DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do asesoramento, xestión e dinamización de redes sociais das áreas de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, Medio Rural e do Mar, Mocidade, Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación Provincial de Lugo. Expediente Nº: 2025/CON_02/0000127, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa e orde de inicio do contrato, con CSV: IV7QEDXY334LZ5EDSZHS54YHKU
2. Informe de consignación orzamentaria.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7QEDX6NL7OLCG5257AIMRV6U.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7QED35IDX7VXFNQ5A5GIQ004.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7QED3TH4RK7GN3RQEFCVJGCA.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo consistente no asesoramento, xestión e dinamización de redes sociais das áreas de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, Medio Rural e do Mar, Mocidade, Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación Provincial de Lugo.
Expediente Nº: 2025/CON_02/0000127.

2º.- O contrato entrará en vigor a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato ou data que figure na mesma, ou no seu defecto unha vez

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	2/47	



formalizado o contrato. A data estimada de inicio do contrato é o día 1 de marzo de 2026.

3º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 49.995,87€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 10.499,13 €, o que fai un total de 60.495,00€, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

PROGRAMA DE GASTO	Aplicación Orzamentaria	ANUALIDADE 2026
CENTRAD	2413.22706	3.495 €
CULTURA	3340.22706	20.000 €
MOCIDADE	3342.22706	5.000 €
DEPORTE	3410.22706	17.000 €
MEDIO RURAL	4190.22706	15.000 €

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	3/47



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O MANTEMENTO, MODERNIZACIÓN, ACTUALIZACIÓN E ADAPTACIÓN AO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE DOS CENTROS DE PROCESO DE DATOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 13 de xaneiro de 2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Acta da mesa de contratación do día 13 de xaneiro de 2026.

Presidenta: Dna. Sonia Méndez García, Xefa do Servizo de Contratación e Fomento.

Secretaria da mesa: Dona Estíbaliz Castelao García, Administrativa do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

Dna. María del Carmen Dorado Duro, Asesora Técnica do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Dna. Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización, en substitución da Interventora da Corporación.

Dna. Margarita Tarrío Álvarez, Xefa da Sección I de Contratación Xeral.

D. Nicolás Fariña Vereá, Adxunto á Xefa de Servizo de Comunicación e TICs.

Sendo as 09:07 horas do día 13 de xaneiro do 2026, baixo a Presidencia de Dna. Sonia Méndez García, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada a tales efectos.

Pola Presidenta da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación dos servizos para o mantemento, modernización, actualización e adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade dos centros de proceso de datos da Deputación de Lugo. Expediente nº 2025/CON_02/000092.

Primeiro.- Dar conta da documentación do art.150 LCSP.

Segundo.-Proposta de adxudicación se procede.

Antecedentes.

1. Memoria xustificativa do contrato e providencia de inicio con CSV: IV7QUQPY3NX5Z7JTC76UEPXRAY.

2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TS3JLBPUOSWO6RVFH7YBVIE.

3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7QUQPJKBGCZOJOSA5TET3X54.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7QUGX7L5F65PHJQ4NCI4Q7AE.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	4/47





5. Informe do Servizo de Contratación, conformado pola Secretaría, con CSV: IV7QUGX4ZL74QTOOAUXVB5SVE4.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7QUKPDZEW56TXV7VAA64DRGI.

7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7QUGXTBRN2WTG2YVEULZRX4Q.

8. Acordo de Xunta de Goberno do día 17 de outubro de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7QVXA3KEN3YWXDZRNEGEPDM4.

9. Envío ao DOUE o día 20 de outubro de 2025 do anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 21 de outubro de 2025.

10. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

11. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 20 de novembro de 2025, con CSV: IV7QSKXDEEE7QRJT7RGGHZKX44 na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do sobre que contén a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, do único licitador concorrente a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector públicoé o seguinte:

Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que a única empresa concorrente presentou dentro do prazo concedido a tales efectos as súa proposta, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, resultando que o Anexo I, presentado se axusta aos requisitos mínimos esixidos no PCAP, polo que se acorda admitir a Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U. e procédese á apertura do sobre electrónico relativo aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor.

A Mesa acorda enviar a oferta técnica a informe e valoración do Servizo de Comunicación e TICs.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	5/47



E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:43 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.”

12. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 05 de decembro de 2025, con CSV: IV7Q5WROZJPK3KHMTRYGG4RRRIA na que se recolle o seguinte: “Pola Presidencia dáse conta do informe emitido polo servizo de Comunicación e Tics con CSV: IV7Q43LNAAEYVSVSQEEXGMJOP4, sendo as puntuacións nesta fase de valoración as seguintes segundo consta no informe.

(...)

Revisadas as propostas presentadas, presentase a continuación a valoración de cada unha delas seguindo os criterios anteriormente indicados así como acatamento ao resto de criterios recollidos tanto nos pregos técnicos como nos de cláusulas administrativas:

1. Á vista da proposta presentada pola empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España s.A.U. resúmese a valoración na seguinte táboa.

LICITADOR: TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA SAU	
CRITERIOS	MÁX. PUNT.
CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE	45
Licenciamento e soportes de fabricante (MAX. 8 PUNTOS)	5,92
VALORACIÓN	
A oferta propón un licenciamento e soportes de fabricante cun grao de detalle alto, cunhas características adecuadas parcialmente ao recollido nos pregos e á realidade da Deputación, aportando valor engadido con respecto ao detallado nos pregos, como o modelo de soporte e niveis de servizo.	
Subministro, instalación, configuración e posta en marcha de cabina de almacenamento para copias de seguridade (MAX. 10 PUNTOS).	6,5
VALORACIÓN	
A proposta describe cun grao de detalle medio e profundidade media a solución ofertada como cabina de almacenamento para copias de seguridade, a súa instalación, configuración e posta en marcha, tendo unha adecuación media ao recollido nos pregos e á realidade da Deputación, aportando valor engadido sobre o esixido neste punto, como o aumento de almacenamento bruto con respecto ao solicitado e a migración de datos da plataforma actual á nova subministrada.	
Licenzas de sistema operativo Windows Server (MAX. 3 PUNTOS).	1,5
VALORACIÓN	
A oferta propón un licenciamento e solución para sistemas operativos Windows Server cunhas características técnicas adecuadas, permitindo instancias as máquinas virtuais requiridas nos pregos, e unha calidade media respecto o recollido nos pregos e segundo a realidade da Deputación, sen aportar valor engadido sobre o esixido.	
Mantemento de plataforma de virtualización, bases de datos e copias de seguridade (VMWare, Oracle e Veeam Backup). Plan de soporte, mantemento e resolución de incidencias (MAX. 22 PUNTOS).	21
VALORACIÓN	
A proposta define un mantemento, plan de soporte e xestión de incidencias das diferentes plataformas e solucións obxecto do contrato de moita calidade, cun grao de concreción moi alto e moi adecuado ao recollido nos pregos e á realidade da Deputación, aportando moito valor engadido respecto ao requirido neste punto. Define de xeito moi detallado as tarefas que comprenden os servizos de soporte e mantemento, especificando os tipos de mantemento e os seus niveis (nivel 2 e 3): correctivo, perfectivo e preventivo; como se vai xestionar o servizo, a resolución de incidencias, os procedementos e documentación a realizar, etc. sendo esto moi adecuado segundo as necesidades da Deputación e dunha calidade moi alta.	
Plan proxecto. Organización e cronograma (MAX. 2 PUNTOS).	1
VALORACIÓN	
A proposta define un plan de proxecto, organización e cronograma de calidade media e con características medianamente axeitadas segundo o recollido nos pregos e segundo a realidade da Deputación, aportando pouco valor engadido sobre o esixido neste punto. Sinala as 4 fases do plan de proxecto e as tarefas de cada unha delas nun cronograma detallado, así como os perfís a incorporar ao contrato.	

Por conseguinte, obtemos a táboa seguinte coas puntuacións acadadas polas empresas, no Cadro resumo de valoración:

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	6/47





CRITERIOS	MÁX. PUNT.	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.
Licenciamento e soportes de fabricante	8	5,92
Subministro, instalación, configuración e posta en marcha de cabina de almacenamento para copias de seguridade	10	6,5
Licenzas de sistema operativo Windows Server	3	1,5
Mantemento de plataforma de virtualización, bases de datos e copias de seguridade (VMWare, Oracle e Veeam Backup). Plan de soporte, mantemento e resolución de incidencias	22	21
Plan proxecto. Organización e cronograma	2	1
TOTAL		35,92

Considerando o exposto, pódese concluír que a oferta que acada a maior puntuación segundo o establecido no referido aos Criterios non avaliábles automaticamente” para a contratación dos “Servizos para o mantemento, modernización, actualización e adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade dos centros de proceso de datos da Deputación de Lugo” (Exp: 2025/CON_02/000092), é a da Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U.
(...)”

Os membros presentes na Mesa de Contratación acordaron por unanimidade aceptar o informe de valoración da oferta técnica emitido polo servizo de Comunicación e Tics.

A continuación, a Presidenta da Mesa informa que comeza a apertura pública do sobre relativo aos criterios avaliábles automaticamente. Finalizada a apertura pública da oferta, os resultados da apertura son os indicados a continuación.

Criterios de adjudicación avaliábles mediante fórmulas	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Oferta económica expresada en euros Puntuación = POE * (PB/PO) Onde POE: Puntuación da oferta económica.(55 puntos) PB: Prezo máis baixo de entre todas as ofertas presentadas. PO: Prezo ofertado pola empresa que se valora.	55 puntos

Oferta económica: Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	7/47



“Comprométese a executar o contrato de referencia por importe de 650.564,91 euros, aos que se engadirán 136.618,63 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 787.183,54 euros.”

“Parámetros obxectivos para a identificación de ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo.

En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao criterio prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais”

Polo tanto, a oferta de Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U. non incorre en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo, sendo o límite da baixa é 592.143,75 euros IVE engadido.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Aceptar o informe de valoración da oferta técnica emitido polo servizo de Comunicación e Tics.

2º.-Clasificar as ofertas presentadas, atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	90,92 puntos

3º.- Requerir á empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5 %
650.564,91 €	32.528,25 €

A maiores da documentación recollida na cláusula 17 do PCAP, o licitador debe incorporar a seguinte documentación (Ver apartado “K” do cadro resume do PCAP) :

(1)- A adxudicataria deberá contar e presentar a certificación en vigor de conformidade co Esquema Nacional de Seguridad (ENS), como mínimo, de categoría media. O alcance definido no certificado debe estar relacionado coas prestacións obxecto do contrato. A certificación do ENS deberá estar realizada seguindo as

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	8/47





instrucións técnicas pertinentes e por unha entidade certificadora acreditada pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC).

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:28 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.”

13. Resolución da Presidencia do día 12 de decembro 2025, con CSV: IV7Q6HA7NVG77LJ4TQWE6RTUCI, pola que se insta ó requirimento da documentación administrativa recollida na cláusula 17 do PCAP.

Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 13 de xaneiro de 2026, pola Presidencia infórmase aos membros da Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación requirida o día 15 de decembro de 2025 á empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U en base aos acordos adoptados na mesa de contratación celebrada o día 05 de decembro de 2025, resultando que a empresa presentou o día 29.12.2025 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a documentación en prazo, constando correcta.

Incorpórase informe do servizo de Novas Tecnoloxías con CSV: IV7Q3T24PMBNJS7IQD5H5ZL6EE, en relación ao a acreditación do certificado do Esquema Nacional de Seguridad (ENS), como mínimo, de categoría media, é conclúe o seguinte:

“Vista que dita acreditación segue a estar vixente a día de hoxe (consultado na web do CNI: <https://gobernanza.ccn-cert.cni.es/certificados>), considerando que os alcances anteriormente relacionados se corresponden coas prestacións obxecto do contrato, e que o nivel de cumprimento alto é superior ao mínimo esixido, considerase polo tanto acreditada a conformidade do ENS por parte da empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U.”

A Presidenta informa aos membros da mesa, que de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta .

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	9/47	

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U a contratación dos servizos para o mantemento, modernización, actualización e adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade dos centros de proceso de datos da Deputación de Lugo. Expediente nº 2025/con_02/000092 e comprométese a executar o contrato de referencia por un importe de 650.564,91 euros, aos que se engadirán 136.618,63 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 787.183,54 euros.

A duración do contrato é de 3 anos.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 09:10 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Telefónica Soluciones de Informática y Comunicaciones de España, S.A.U a contratación dos servizos para o mantemento, modernización, actualización e adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade dos centros de proceso de datos da Deputación de Lugo. Expediente nº 2025/CON_02/000092 e comprométese a executar o contrato de referencia por un importe de 650.564,91 euros, aos que se engadirán 136.618,63 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 787.183,54 euros.

O prezo total financiarase dacordo as seguintes anualidades. Data estimada de comezo do servizo 1 de marzo de 2026.

APLICACION	ANUALIDADE 2026	D	ANUALIDADE 2027	D	ANUALIDADE 2028	D
HARDWARE 9200.636	49.462,87	920259/80				
SOFTWARE 9200.641	57.304,55	920259/81	45.240,44	920269/1	45.240,44	920269/1
MANTENIMIENTO 9200.216	196.645,08	920259/82	196.645,08	920269/2	196.645,08	920269/2
TOTAL	303.412,50		241.885,52		241.885,52	

O mencionado gasto financiarase con cargo ás anualidades 2026, 2027 e 2028; para a anualidade 2026, existe crédito nas aplicacións sinaladas; e, para as anualidades 2027 e 2028, a Deputación, adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de incluír, nos orzamentos do 2027 e 2028, as cantidades indicadas nas aplicacións orzamentarias sinaladas.

2º.- A duración do contrato de tres (3) anos. Este prazo empezará a contar a partir da subscrición da acta de inicio do contrato ou data que figure na propia acta de inicio,

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	10/47





ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUN SEMIRREMOLQUE TIPO GÓNDOLA (ASFALTERA) USADO PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 13 de xaneiro de 2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes.*

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	11/47	

1. Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7QSO2ILVGI6S64WYPQAF7DIU.
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7QTUC6AD4NTCP6WPVSKE7H6U.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7QTXZJDUE6JZO74D74ITYDKM.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7Q4TS3NAO7TD4TWN4XN73T44.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7Q4TSTNYR2VFBK24HUAFDEN4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente: IV7Q4T3TFHZZTS63URF4CZDQAA.
7. Acordo de Xunta de Goberno do día 17 de outubro de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7Q46R5F3Z7RZOYXQFXP5C6ME.
8. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 1 de decembro de 2025.

9. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público o 19 de decembro de 2025, con CSV: IV7QYW2ZDL6CTLHYCD5WGB7OME, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia procedeuse á apertura dos sobres que conteñen as declaracións de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADORES
MERELLE MAQUINARIA SL

A Mesa de contratación acorda admitir a oferta presentada polo licitador, procedendo acto seguido á cualificación do sobre electrónico que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos, cos seguintes resultados:

O Anexos I presentado pola empresa axústase aos requisitos recollidos no PCAP.

Os criterios de adxudicación, recollidos na letra O. do Cadro Resumo do PCAP, son os seguintes:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
OFERTA ECONÓMICA	70
PRAZO DE ENTREGA	20
MELLORAS	10
Cama en cuello de 4.000 mm	
Mobilidade das rampas ata completar o peche das mesmas	
TOTAL	100

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	12/47	



LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRAZO DE ENTREGA	CAMA EN CUELLO DE 4.000 MM	MOBILIDADE DAS RAMPAS ATA COMPLETAR O PECHE DAS MESMAS
MERELLE MAQUINARIA SL	59.950,00 €	15 días naturais	SI	SI

A Mesa de contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	PRAZO DE ENTREGA	CAMA EN CUELLO DE 4.000 MM	MOBILIDADE DAS RAMPAS ATA COMPLETAR O PECHE DAS MESMAS	PUNTUACIÓN TOTAL
MERELLE MAQUINARIA SL	70	20	5	5	100

Unha vez realizada a comprobación de que a proposta non está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a Mesa de contratación, acorda que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución, previo informe favorable do Parque Móbil sobre o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos no PPT:

1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

Nº ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MERELLE MAQUINARIA SL	100

2º.- Requerir á empresa Merelle Maquinaria SL para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	13/47



Galicia e acrediten a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

EMPRESA	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (SEN IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
MERELLE MAQUINARIA SL	59.950,00	2.997,50

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 44 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:19 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

Resolución da Presidencia do 22 de decembro de 2025, con CSV: IV7QY4POZIROVVMZUMWI4XWG4, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, clasifícase ao licitador e instase ao requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao mellor clasificado e único licitador.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 23 de decembro de 2025.

Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente a carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Merelle Maquinaria SL a contratación para a adquisición dun semirremolque tipo góndola (asfaltera) usado para o Parque Móbil da Deputación de Lugo, polo importe de 59.950,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 12.589,50 €, o que fai un total de 72.539,50 €.

O adxudicatario comprométese a entregar o semirremolque tipo góndola (asfaltera) usado nun prazo de 15 días naturais, provisto de cama en cuello de 4.000 mm e mobilidade das rampas ata completar o peche das mesmas.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	14/47





Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:17 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación para a adquisición dun semirremolque tipo góndola (asfaltera) usado para o Parque Móbil da Deputación de Lugo, expediente Nº: 2025/CON_02/000123, á empresa Merelle Maquinaria SL, polo importe de 59.950,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 12.589,50 €, o que fai un total de 72.539,50 €.
O adxudicatario comprométese a entregar o semirremolque tipo góndola (asfaltera) usado nun prazo de 15 días naturais, provisto de cama en cuello de 4.000 mm e mobilidade das rampas ata completar o peche das mesmas.

2º.- O prazo de entrega será de 15 días naturais. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	15/47	

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE, ANTE O MINISTERIO DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO, DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE PROXECTOS INNOVADORES PARA A TRANSFORMACIÓN TERRITORIAL E A LOITA CONTRA O DESPOBOAMENTO. PROXECTO ECOSIL.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Normativa.

Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento (BOE núm. 290 do 4 de decembro de 2021).

Orde TED/1074/2025, do 24 de setembro, pola que se modifica a Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento (BOE núm. 238 do 3 de outubro do 2025).

Orde pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, promovidos por entidades locais, durante o exercicio de 2025.

(BNDS: <https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatorias/871639>)

Extracto da Orde do 2 de decembro de 2025 pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, promovidos por entidades locais, durante o exercicio de 2025 (BOE núm. 291 do 4 de decembro de 2025).

Antecedentes.

Primeiro.- Con data 04.12.2025 o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico publica no BOE o Extracto da Orde do 2 de decembro de 2025 pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, promovidos por entidades locais, durante o exercicio de 2025 (BOE núm. 291 do 4 de decembro de 2025).

Na sede electrónica do Ministerio á súa vez publican os documentos vencellados á convocatoria (anexos, guía de presentación, FAQs...)¹.

¹https://sede.miteco.gob.es/portal/site/seMITECO/ficha-procedimiento?procedure_suborg_responsable=257&procedure_etiqueta_pdu=null&procedure_id=1121&by=theme

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	16/47





Finalidade.- A Orde establece que estas subvencións teñen como finalidade promover a realización de proxectos cuxo obxecto sexa o desenvolvemento socioeconómico das zonas con especiais dificultades desde a perspectiva da cohesión territorial e das condicións demográficas, promovidos por entidades locais.

Beneficiarios.- Entre outros beneficiarios, a convocatoria inclúe ás entidades locais do artigo 3 da LBRL para as actuacións desenvolvidas no seu ámbito territorial.

Obxecto.- A transformación territorial e a loita contra o despoboamento promovidos por entidades locais, que teñan estas características:

a) Os proxectos deberán achegar unha visión integral do problema demográfico da zona na que se prevé que se desenvolva, ter en conta as diferentes perspectivas e, preferentemente, abordar respostas transferibles para outras zonas rurais con problemas demográficos similares.

b) Os proxectos deberán ter como obxectivo propiciar a reactivación económica de zonas con problemas de despoboamento, mediante a revalorización do espazo rural; e iso desde unha dimensión socioeconómica, ambiental e de xénero.

c) Os proxectos deben ter un contido innovador para o territorio, de modo que promovan o desenvolvemento e execución de novas actividades económicas, a xeración de novos postos de traballo ou o mantemento dos xa existentes.

Importe da axuda.- O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A Orde establece que para cada proxecto seleccionado, o importe das subvencións concedidas no caso de diputacións provinciais a axuda non poderá ser inferior a 50.000€ nin superar o importe de 300.000€ e que as axudas concedidas non poderán superar o 90% do total do gasto subvencionable do proxecto.

Gastos subvencionables.-

a) Gastos de persoal propio ou contratado especificamente para o proxecto.

1.º Persoal propio da entidade solicitante dedicado á execución do proxecto. O custo máximo imputable por categoría profesional non poderá superar o 120 % do importe das retribucións fixadas para os correspondentes grupos profesionais no Convenio Colectivo Único vixente para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, ata o importe efectivamente abonado, de ser este inferior ao anterior.

Non poderán incluírse neste concepto os gastos orixinados polos membros de xuntas directivas ou consellos de dirección das beneficiarias, derivados do desenvolvemento desa función.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	17/47



2.º Persoal contratado especificamente para o proxecto. O custo máximo imputable por categoría profesional non poderá superar o 120 % do importe das retribucións fixadas para os correspondentes grupos profesionais no Convenio Colectivo Único vixente para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado, ata o importe efectivamente abonado, de ser inferior ao anterior.

3.º Outros gastos de persoal vinculados directamente ao proxecto, sempre que estean xustificadas, tales como asistencia a cursos de formación específicos para o desenvolvemento do proxecto, seguros de responsabilidade profesional, recoñecementos médicos obrigatorios ou outros conceptos asimilables. En ningún caso terán o carácter de gastos de persoal xustificables as indemnizacións por despedimento.

b) Bens e servizos de uso corrente.

1.º Gastos en material fungible nos que incorra a beneficiaria para a execución do proxecto.

2.º Gastos en material didáctico, audiovisual ou promocional nos que incorra a beneficiaria para a execución do proxecto.

3.º Alugueiro de espazos, equipos, vehículos ou maquinaria.

4.º Servizos profesionais contratados necesarios para a execución do proxecto (consultorías, traducións, formadores externos, dinamización de actividades, relatoras, colaboradores esporádicos ou asistencia técnica, asesoría xurídica ou financeira ou outros similares).

5.º Reparación, mantemento e conservación.

6.º Publicidade, difusión e comunicación.

7.º Desprazamentos, manutención e estancias do persoal propio da entidade solicitante ou do persoal contratado especificamente para o proxecto, sempre que os gastos estean vinculados directamente ao proxecto. No caso de persoal distinto ao anterior, estarán limitados a aqueles precisos para participar en actividades que organice a beneficiaria con ocasión do desenvolvemento do proxecto.

O custo máximo imputable por estes conceptos non poderá superar o 150 % das contías fixadas para o Grupo 2 polo Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Este tipo de gastos non poderá superar, en ningún caso, o 10 % do importe total da subvención concedida á beneficiaria.

c) Outros gastos correntes.

1.º Tributos: taxas, contribucións e impostos directamente vinculados ao proxecto. En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

2.º Gastos de revisión da Conta Xustificativa. O importe subvencionable por este concepto non poderá exceder o 7,5 % do total da subvención concedida, sen que en ningún caso poida superar os 6.000,00 euros por proxecto.

3.º Outros gastos correntes, sempre que se describa e xustifiquese a súa finalidade e vinculación co proxecto. Non se considerarán subvencionables gastos en premios, bolsas ou outras axudas.

d) Gastos de investimento.

1.º Investimentos en bens inmoables: adquisición, construción ou grandes reparacións de bens inmoables (edificios, locais, oficinas, entre outros), ou outras infraestruturas

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	18/47





(viarias, deportivas e outras dotacións). O custo máximo imputable como gasto de investimento en bens inmoables non poderá superar o 50 % do importe total da subvención concedida.

2.º Invetimentos en bens mobles e vehículos.

3.º Gastos de investimento de carácter inmaterial.

e) Gastos indirectos. Imputaranse como un máximo do 10 % dos gastos directos subvencionables. Dita fracción de custo non requirirá unha xustificación adicional.

Período de execución.- Serán financiábles os gastos contraídos entre a data de publicación da resolución de concesión e a data límite de execución do proxecto.

Prazo.- A tramitación do procedemento é a través da sede electrónica do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico² e o prazo de presentación de solicitudes remata o 22.01.2026.

Xunto coa solicitude, aportaránse datos técnicos/económicos do proxecto a través da plataforma habilitada a tal efecto na sede electrónica do Ministerio.

Así mesmo, a Orde, entre outros documentos propios dunha solicitudes de axudas (certificados de non ter débedas, autorizacións de consultas de datos, certificado de conta bancaria...) esixe un certificado da entidade solicitante do acordo de aprobación do proxecto e da solicitude de axuda.

Consideracións.

Primeira.- Á vista da orde reguladora das axudas contéplase a posibilidade de solicitar financiación para a execución do proxecto nomeado EcoSil para o despregue da primeira infraestrutura de mobilidade fluvial 100% eléctrica e dixitalizada da provincia transformando o encoro de Augasmestas en Quiroga nun laboratorio vivo de sustentabilidade, substituíndo a navegación fósil por un modelo de “eco-navegación científica”.

Esta Deputación lidera o proxecto de rehabilitación e posta en funcionamento do complexo turístico de Augasmestas, co fin de recuperar un espazo recreativo e turístico de primeira orde.

²https://sede.miteco.gob.es/portal/site/seMITECO/ficha-procedimiento?procedure_suborg_responsable=257&procedure_etiqueta_pdu=null&procedure_id=1121&by=theme

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	19/47



Co fin de complementalo a solicitude destas axudas, baixo o principio da “innovación integral”, pretende adquirindo unha plataforma naval electro-solar (catamarán de pasaxe de nova xeración).

O proxecto alíñase coa tipoloxía transporte e mobilidade e turismo: Fomento do turismo sostible en áreas rurais da convocatoria, achegando valores diferenciais:

1. Innovación de proceso (Ciencia cidadá): O barco deixa de ser un mero transporte para converterse nunha estación de monitorización. Os datos de calidade da auga envórcanse en tempo real nun cadro de mandos público, que permite por exemplo a Universidades, profesionais, escolares etc., utilizar o barco como ferramenta de investigación.

2. Innovación operativa: A incorporación de tecnoloxía de goberno remoto permite a operación segura con tripulación mínima, facendo viable o servizo en zonas de baixa densidade de demanda.

O orzamento do proxecto ascende a 1.000.000,00€. A Orde establece que para cada proxecto seleccionado, o importe das subvencións concedidas no caso de deputacións provinciais a axuda non poderá ser inferior a 50.000€ nin superar o importe de 300.000€ e que as axudas concedidas non poderán superar o 90% do total do gasto subvencionable do proxecto.

Baixo esta premisa a Deputación debe acadar o compromiso de asumir o custo non subvencionable segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO ESTIMADO	AXUDA SOLICITADA	ACHEGA ESTIMADA DPL
1.000.000,00€	300.000,00€	700.000,00€

As cantidades anteriores teñen a consideración de máximas pero poderán sufrir algunha modificación á baixa en función das actuacións solicitadas que se consideren financiáveis e da resolución de concesión das axudas.

Segunda.- O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local- LBRL, recolle as competencias das Deputacións Provinciais entre as que se atopa a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, no seu artigo 6 determina que corresponde ás entidades locais supramunicipais, se prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións:

- a) A promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición contemplada no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica.
- b) O asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística.
- c) A articulación, coordinación e fomento das estratexias de promoción derivadas do ámbito privado do sector turístico.
- d) A contribución, a instancia da Administración autonómica, á formulación dos instrumentos de planificación turística.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	20/47





Terceira.- Respecto do órgano competente, o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial, publicado no BOP de Lugo Núm. 202 de data 3 de setembro de 2020, establece no seu artigo 59 que lle corresponde á Xunta de Goberno as seguintes atribucións, entre outras, delegadas do Presidente e do Pleno:

(...)17. Solicitude de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/a.(...)"

Vense considerando que a Xunta de Goberno é a competente tanto en materia de contratación, como de subvencións e convenios cando o seu importe supera o dos contratos menores.

Polo tanto, neste caso a competencia para presentar a solicitude de subvención corresponde á Xunta de Goberno.

Esta Deputación, como Entidade Local e cumprindo os requisitos establecidos no artigo 13.2 da lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións, pode acceder ás devanditas axudas.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, propónse á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o proxecto nomeado EcoSil cara o despregue da primeira infraestrutura de mobilidade fluvial 100% eléctrica e dixitalizada da provincia de Lugo e acordar a solicitude ante o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico das axudas reguladas na Orde do 2 de decembro de 2025 pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, promovidos por entidades locais, durante o exercicio de 2025.

Facúltase para a realizar este trámite á Sección de Innovación e Participación Cidadá co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria de axudas.

2º.- Aprobar o orzamento total do proxecto, por un importe de 1.000.000,00€, segundo o seguinte detalle:

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	21/47	

ORZAMENTO ESTIMADO	AXUDA SOLICITADA	ACHEGA ESTIMADA DPL
1.000.000,00€	300.000,00€	700.000,00€

As cantidades anteriores teñen a consideración de máximas pero poderán sufrir algunha modificación en función das actuacións solicitadas que se consideren financiáveis e da resolución de concesión das axudas.

No caso de que a resolución de concesión das axudas se efectúe no 2026, a consignación orzamentaria para esta anualidade realizarase no momento da aceptación da resolución favorable da axuda. Para as seguintes anualidades, de ser o caso, deberá adoptarse o compromiso de incluír, nos orzamentos xerais das mesmas, os importes correspondentes nas aplicacións orzamentarias segundo a natureza das actividades a realizar, quedando supeditados á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no suposto de concesión da axuda.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA TRADIGALU, 2026.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“1º.- Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas: “ (...) A Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens móbiles, inmóbiles, as manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que conorra algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	22/47





individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha un Programa de conservación, promoción e difusión da riqueza musical, aproveitando a división comarcal da provincia de Lugo: TRADIGALU.

O programa TRADIGALU encadrase dentro do plan de programación propia do servizo de Cultura co obxecto de:

Promover o conservación, a promoción e a difusión da riqueza musical

Incentivar o consumo cultural

Fomentar o desenvolvemento económico das industrias culturais nunha época de crise ao impulsar a creación do emprego e ser un revulsivo das estruturas económicas.

Apoiar e dar visibilidade á tradición e ao recordo como mecanismo de cohesión social

Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando a riqueza cultural musical a todas as comarcas da provincia de Lugo.

Facer das manifestacións festivas da nosa tradición: foliadas, polavilas, festivais, magostos, solsticios, etc..., en reunións sociais que promoven sinerxias que as convirte nun estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.

Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.

Converter as manifestacións culturais de natureza musical nunha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción se comprometen os poderes públicos locais.

Contribuir ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición e promovendo a participación e a integración social e maila reactivización da actividade económica cultural.

Potenciar a memoria material e inmaterial coa difusión do traballo dos grupos musicais e asociacións, coma un medio máis que axude a súa consolidación activa coma axentes dinamizadores da nosa tradición cultural.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	23/47	

Complementar a programación artística que por parte dos concellos e demais entidades ou axentes culturais se ven desenvolvendo, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo.

TRADIGALU nace coma unha liña programática propia centrada no mundo das artes musicais representadas por grupos corais, bandas de música e grupos de música tradicional, cuxa execución se materializará dende a súa aprobación e ata 31 de decembro de 2026 (incluídas as actividades de Nadal).

De igual xeito, este programa materializarase – en cada caso- de acordo co procedemento legalmente establecido e segundo corresponda, sendo o orzamento total para a súa materialización será de 295.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.22609 e, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actuacións musicais: 278.150,00 €

Para asumir o pago (se fose o caso) dos dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor): 16.850,00 €.

TRADIGALU é unha iniciativa de carácter itinerante e integradora dentro do ámbito territorial comarcal provincial; pensada para complementar e/ou espallar a programación cultural de natureza musical ás 13 comarcas da provincia de Lugo, xerando sinerxias para o desenvolvemento económico, para a promoción musico-cultural e para fomentar a integración e o benestar social ao permitir o acceso á cultural musical de toda a cidadanía.

A Lei 7/1996, de 10 de xuño, de desenvolvemento comarcal, concibe a comarca coma unha figura da estrutura territorial descentralizada, adaptada á dispersión do hábitat, a fin de acercar á poboación os servizos que a sociedade moderna demanda; un plan onde poboación e territorio deixaron de ser elementos pasivos para converterse en factores activos do seu propio desenvolvemento.

Por esa razón TRADIGALU ten previsto implementar unha programación de natureza musical na que participarán grupos corais, grupos de música tradicional e bandas de música radicadas na provincia de Lugo e cuxas actuacións percorreren o territorio das 13 comarcas da Provincia. A este respecto, as actuacións de grupos musicais participantes neste Programa despregaranse polas seguintes comarcas:

Comarca de Lugo, integrada polos concellos de Rábade, Friol, Outeiro de Rei, Lugo, Castroverde, Guntín, O Corgo e Portomarín.

Comarca de A Mariña Oriental, integrada polos concellos de Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova

Comarca da Mariña Central, integrada polos concellos de Burela, Foz, O Valadouro, Alfoz, Mondoñedo e Lourenzá

Comarca da Mariña Occidental integrada polos concellos de O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo e Ourol

Comarca da Terra Cha, integrada polos concellos de Begonte, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza, Abadín, Muras, Vilalba, Xermade e Guitiriz

Comarca de Meira, integrada polos concellos de Riotorto, Meira, Ribeira de Piquín e Pol

Comarca de A Fonsagrada, integrada polos concellos de Baleira, Negueira de Muñiz e A Fonsagrada

Comarca de Sarria, integrada polos concellos de Láncara, O Páramo, Sarria, Triacastela, Samos, Paradela e O Incio

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	24/47	



Comarca de Os Ancares, integrada polos concellos de Navia de Suarna, Baralla, Becerreá, Cervantes, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro.

Comarca de Quiroga, integrada polos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil)

Comarca de Terras de Lemos, integrada polos concellos de O Saviñao, Bóveda, A Pobra de Brollón, Monforte de Lemos, Pantón e Sober

Comarca de A Ulloa, integrada polos concellos de Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla.

Comarca de Chantada, integrada polos concellos de Taboada, Chantada e Carballo

*Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre comarcas veciñas; especial atención á conservación e fomento das manifestacións festivas da nosa tradición: foliadas, polavilas, festivais, magostos, solsticios, etc...; a complementar a programación artística dos concellos, das asociacións culturais e demais axentes culturais do territorio provincial; á difusión das programacións culturais a todos os recunchos do medio rural e á promoción e difusión dos produtos culturais locais do noso país co obxecto de fomentar a creación de públicos culturais e facilitar o acceso á tradición cultural galega.

*As actuacións poderanse celebrar en todo o territorio da provincia de Lugo, buscando unha distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a organización comarcal da mesma, a distribución da poboación e á necesidade de implementación de actividade cultural musical nun escenario de posible recesión económica. Por esta razón, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar a rentabilidade das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural e polo fomento da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo ás necesidades e demandas dos clientes culturais do noso territorio provincial.

*O número máximo de actuacións que poderá realizar cada agrupación non poderá superar o importe do contrato menor. En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Igualmente, cando unha asociación teña diferentes grupos musicais integrados no seu colectivo o límite máximo da participación neste Programa dos diferentes grupos

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	25/47



musicais pertencentes a unha mesma Asociación será – no seu conxunto- o límite do contrato menor. Ademais, que de producirse algunha variación -sobre este aspecto durante a duración deste Programa na anualidade 2026-, obrigatoriamente deberá ser comunicada o Servizo de Cultura.

*Na localización da actividade poderase solicitar a colaboración de concellos e demais entidades ou axentes culturais para facilitar un escenario acaído, unha boa difusión e/ou un apoio material puntual, de ser preciso. As actuacións poderán ser a pé de rúa ou en escenario.

*Non poderán participar grupos onde todos os seus integrantes sexan menores de idade. Cando nos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que se presenten a este Programa.

*Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.

*Nesta anualidade 2026, a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) non asumirá o 100% do custo das actividades deste programa, senón que a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) asumirá/aboará o 80% do total do custo da actividade concedida aos grupos participantes neste Programa e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da actividade. O 20% restante do custe da actividade deberá ser asumido polo interesado da actividade, responsabilizándose de facerllo efectivo ao grupo actuante. No caso de que houbese algún incumprimento de carácter económico por parte do interesado, a Deputación só se fará cargo do pago do 80% da aportación económica comprometida.

*Os cachés das actuacións para os grupos actuantes deste Programa serán os seguintes:

BANDAS DE MÚSICA	
-Bandas entre 10 e 15 participantes:	850 €
-Bandas entre 16 e 24 participantes:	1100 €
-Bandas entre 25 e 39 participantes:	1.500 €
-Bandas entre 40 e 50 participantes:	2.000 €
-Bandas de máis de 50 participantes:	2.500 €
GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL:	
-Grupos de música tradicional con menos de 10 participantes:	750 €
-Grupos de música tradicional entre 10 y 20 participantes:	900 €
-Grupos de música tradicional con máis de 20 participantes:	1.100 €
CORALS:	
- Corais entre 10 e 20 participantes:	900 €
-Corais con máis de 20 participantes:	1.100 €

O servizo de Cultura establece que, tendo en conta os cachés das diferentes tipoloxías musicais referenciados, os interesados deberán asumir obrigatoriamente o pago do 20% do custo da actuación programada, representando para os interesados a seguinte contía en función da tipoloxía da actuación:

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	26/47





BANDAS DE MÚSICA:
170 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 10 e 15 participantes que van actuar neste Programa.
220 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 16 e 24 participantes que van actuar neste Programa.
300 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 25 e 39 participantes que van actuar neste Programa.
400 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 40 e 50 participantes que van actuar neste Programa.
500 euros no pago das actuacións de bandas de música con máis de 50 participantes que van actuar neste Programa.
GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL:
150 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con menos de 10 participantes que van actuar neste Programa.
180 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa.
220 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa.
CORAIS:
180 euros no pago das actuacións de corais entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa.
220 euros no pago das actuacións de corais con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa.

O resto do caché, é dicir, o 80% do custo restante das actuacións correrá a cargo da Deputación de Lugo (Servizo de Cultura). Neste senso, os grupos actuantes deberán facturar á Deputación de Lugo, o 80% do custo total da actividade musical, é dicir:

BANDAS DE MÚSICA:
680 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 10 e 15 participantes que van actuar neste Programa.
880 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 16 e 24 participantes que van actuar neste Programa.
1200 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 25 e 39 participantes que van actuar neste Programa.
1600 euros no pago das actuacións de bandas de música entre 40 e 50 participantes que van actuar neste Programa.
2.000 euros no pago das actuacións de bandas de música con máis de 50 participantes que van actuar neste Programa.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA		Página	

GRUPOS DE MÚSICA TRADICIONAL:
600 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con menos de 10 participantes que van actuar neste Programa.
720 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa.
880 euros no pago das actuacións de grupos de música tradicional con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa.

CORAIS:
720 euros no pago das actuacións de corais entre 10 e 20 participantes que van actuar neste Programa.
880 euros no pago das actuacións de corais con máis de 20 participantes que van actuar neste Programa.

* Obrigas/ compromisos das partes:

1.- Os grupos musicais participantes neste Programa deberán:

- Presentar documentación acreditativa de estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.
- Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actuación concedida, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
- Actuar, obrigatoriamente, co mesmo número de participantes contratados e de acordo ao custe da actividade que corresponda en cada caso.
- Realizar as actuacións nos lugares, días e horas sinalados pola Deputación de Lugo (servizo de Cultura).
- Expedir as facturas legais correspondentes ao 80% do custe das actuacións realizadas e contratadas á Deputación de Lugo (servizo de Cultura) e, con cargo á entidade interesada no Programa (para a que actúan) o 20% restante do custe total da actividade realizada, sempre que se acredite a realización satisfactoria da mesma.
- Utilizar o idioma galego nas presentacións das actuacións.
- As actuacións dos grupos participantes neste Programa terán unha duración máxima dunha hora e media (90 minutos), podendo levarse a cabo nun único pase ou, pola contra, en dous pases de 45 minutos cada un.
- Os grupos terán que contar cos seguros pertinentes para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, do cumprimento dos protocolos de seguridade para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións- por parte dos grupos participantes neste programa.
- Non poderán participar grupos onde todos os seus componentes sexan menores de idade. Se en algún dos grupos participantes neste Programa existisen membros menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo de música, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	28/47





responsabilidade derivada da participación de menores dentro dos grupos musicais que formen parte deste Programa

j) Aboar- se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquer outro gasto que puidese derivarse.

k) Achegar, de ser preciso, todo o equipamento técnico necesario para poder levar a cabo a actuación (instrumentos, equipos de son...).

l) Declarar que son coñecedores de que esta programación de música de carácter tradicional puidera- en ocasións- estar suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor), ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que teremos que informar correctamente á Unidade xestora do Programa.

m) Para o caso de actuacións /traballo habitual con menores é obrigatorio a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

2.- Os interesados das actividades deberán:

a) Aboar a parte correspondente do caché do grupo que actúe (20% do custo total da actuación realizada). A Deputación reservarase o dereito de requirir, se é o caso, a presentación dos documentos que xustifiquen o pagamento da porcentaxe correspondente que lles deban efectuar os interesados neste Programa (20% do custe total da actividade) aos grupos actuantes deste Programa (coros, bandas de música e grupos de música tradicional) pola realización das súas actuacións. No caso de que algún grupo actuante comunique ao centro xestor do Programa que o solicitante non realizou o 20% deste pagamento que se establece no obxecto do Programa, a Deputación de Lugo - servizo de Cultura- reservase o dereito a non programar - con este interesado- as actividades na vindeira anualidade.

b) Aceptar e asumir todas as obrigas e condicións establecidas no Programa.

c) Expedirlle ao grupo musical actuante unha acreditación da materialización satisfactoria da actuación efectuada.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	29/47	

d) Non se poderá facer ningunha modificación na actuación (data/hora/lugar ou grupo asignado) sen autorización expresa da Deputación, polo que se xurde calquera tipo de inconvinte deberán poñerse en contacto co servizo de Cultura:

Teléfonos de contacto: 982 260059/ 982 260919

e-mail: cultura@deputacionlugo.gal

e) En ningún caso os interesados das actuacións elixirán ao Grupo de Música (banda/coral/grupo de música tradicional) actuante.

f) Velar polo correcto desenvolvemento da actividade concedida, responsabilizándose do cumprimento da normativa legal que sexa de aplicación para este tipo de actividades e/ da hixiénico- sanitaria vixente (se fose o caso), eximíndose a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

g) Incluir na cartalaría anunciante da actividade o logotipo da Área de Cultura da Deputación de Lugo

3.- A Deputación de Lugo (servizo de Cultura) deberá:

a) Aboar únicamente a porcentaxe do 80% da/das actuación/óns ao grupo ou grupos participantes neste programa e, en todo caso, sempre que se acredite a realización da actuación de forma satisfactoria. No caso de que, por parte do interesado da actividade- houbese algún incumprimento económico, a Deputación- en ningún caso- aboará o 100% do custe da actividade realizada.

b) Solucionar canto inconvinte puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.

c) Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das actuacións de acordo coa fundamentación do Programa.

d) Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste Programa(...)".

2º.- Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o Programa TRADIGALU, 2026.

3º.- Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura propón- se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o programa TRADIGALU, 2026 tendo en conta as características xa sinaladas, por importe total de 295.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.22609 e, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actuacións musicais: 278.150,00 €

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	30/47





Para asumir o pago (se fose o caso) dos dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor): 16.850,00 €”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA MÓVETE, 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“1º.- Visto o informe do servizo de Cultura onde se dí- entre outras cousas que: “(...) A Cultura, nas súas diversas manifestacións é considerada unha actividade de especial interese público e social, en cuxa conservación, protección, defensa e promoción están concernidos todos os poderes públicos.

Dentro da Constitución Española de 1978, no seu Preámbulo, proclámase a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións e de promover o progreso da cultura para asegurar unha calidade de vida digna.

De igual xeito, no artigo 3.3, da C.E. sinálase que a riqueza das distintas modalidades lingüísticas é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Os artigos 9.2, 44.1, 46 e 48 da Carta Magna conteñen mandatos dirixidos aos poderes públicos para facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social; promover e tutelar o acceso á cultura á que todos teñen dereito; garantir a conservación e promoción do enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade, ademais de sinalar que lle corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude co obxecto de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Polo que se refire ao réxime de distribución das competencias, dentro da organización Territorial do Estado, o artigo 148.1 da CE reconece o dereito das

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	31/47



comunidades autónomas para asumir competencias en materia de patrimonio monumental do seu interese e tamén en materia de fomento da cultura. Así, o artigo 149.2 da CE aclara que, sen prexuízo das competencias que poidan asumir as Comunidades Autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial.

En coherencia co anteriormente sinalado, Galicia, no artigo 27.18 do seu Estatuto de Autonomía, asumiu a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de belas artes de interese para a Comunidade Autónoma. De feito, de conformidade co disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego, en consonancia co establecido no propio preámbulo da Constitución Española onde se proclama a vontade de protexer aos pobos de España no exercicio das súas culturas, tradicións, linguas e institucións, e promover o progreso da cultura para asegurar unha digna calidade de vida.

Asemade, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Ao amparo do marco constitucional e estatutario (artigos 27.18 e 32) e, dentro da lexislación sectorial, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala que é o seu obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de xeito que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

É xustamente a idea de valor a que determina a definición legal de ben cultural. O valor como contido de resonancia, non só emocional ou sentimental, senón directamente vinculado ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro, sobre a base material e inmaterial do que xa é e no horizonte do que quere ser no campo da civilización, entendida como concerto das culturas e tradicións. O estudo, a protección, a conservación, o acrecentamento, a difusión e o fomento do patrimonio cultural son pedra angular do exercicio da dignidade colectiva e, por tanto, plásmanse como o primeiro mandato legal, que non debe ser visto como limitación restritiva, senón como participación de toda a sociedade no coidado do que ela mesma creou e ao que ela mesma pertencelle. O patrimonio cultural concíbese, pois, como fundamento de cohesión social e desenvolvemento sustentable. Neste sentido, a ponderación e integración da

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	32/47





protección do patrimonio nas demais políticas sectoriais e a aposta pola colaboración interadministrativa e a participación cidadá están presentes ao longo de todo o articulado, a través dos principios xerais, dos dereitos e obrigacións da cidadanía, da información pública, do acceso aos bens máis destacados e do recoñecemento da libre iniciativa. Dentro deste espírito, inspira a lei o principio de subsidiariedade, que consagra técnicas descentralizadoras mediante a habilitación dos concellos nas tarefas de control preventivo en diversos ámbitos e esferas, que atopan o seu fundamento na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Isto permite achegar a Administración á cidadanía mediante o empoderamento dos entes máis próximos a esta. A tradicional centralización da xestión pública do patrimonio non contribúe ao sentimento de proximidade e identificación da cidadanía co legado cultural, que dalgunha maneira pertencelle como expresión da identidade colectiva na que se insere.

A Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia sinala no seu articulado (artigos 1, 2, 3, 8 e 9) que o seu obxecto é a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostenible e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións vindeiras; que o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles, as manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. De igual xeito, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorran algún dos valores sinalados.

Máis polo miúdo, no artigo 3.2.a, sinalase que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, considerando no artigo 9.3 que a estes efectos tamén se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos os

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	33/47



individuos reconozcan como parte integrante do seu patrimonio cultural, en particular:

A lingua, as tradicións e expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, rituais, ceremonias e actos festivos, entre outros.

Con base en todo o sinalado, o servizo de Cultura da Deputación de Lugo pretende poñer en marcha o Programa Móvete, 2026.

Móvete 2026 é unha iniciativa cultural, de carácter itinerante e integradora dentro do ámbito territorial provincial que pretende xerar sinerxias para o desenvolvemento económico, para a promoción da industria cultural, e para fomentar a integración e o benestar social ao permitir o acceso ás manifestacións culturais por parte da cidadanía, a través dunha descentralización das actividades de lecer.

Con este novo Programa Móvete 2026, o servizo de Cultura pretende cubrir- con programación propia en pechado- un amplo abano de actividades culturais que lle permitan ter presenza en eventos e celebracións de especial significado para o mundo cultural galego e, dentro do ámbito territorial provincial.

A necesidade das actividades a materializar virá determinada por todas aquelas manifestacións da industria cultural que mellor se acomoden á materialización do Plan de programación cultural propio deseñado polo Servizo de Cultura da Deputación de Lugo, a través do deseño dunha ampla programación.

O servizo de Cultura consciente da estrutura e capacidade dos concellos fai unha aposta forte polos municipios rurais da nosa provincia, afastados das ofertas culturais do medio urbano. Ademais, a especial distribución territorial dos núcleos de poboación- en unidades territoriais dispersas- fai que os seus moradores teñan un acceso limitado ás actividades de carácter cultural e de lecer; circunstancias éstas que están tamén vencelladas a outra moi singular como é a da dispersión poboacional da nosa provincia na que dominan os pequenos núcleos poboacionais dispersos que comprometen e dificultan o acceso a unha programación cultural variada para o conxunto de moradores dun hábitat con pirámides demográficas regresivas por mor da atomización do crecemento demográfico actual.

Conscientes da realidade social, cultural, territorial e xeográfica, o Servizo de Cultura da Deputación de Lugo, formula o desenvolvemento de actividades de participación festiva colectiva que podan ofrecer alternativas educacionais e culturais, tanto no ámbito rural coma no urbano co obxecto de intentar xerar un proxecto comunitario, colaborativo e participativo, que sexa capaz de poñer en valor a cultura, a lingua galega, a creatividade, a ilusión e a ensoñación do colectivo social a través de actividades musicais, recreativas, artísticas e culturais como pilares fundamentais para construír unha relación interveciñal e intercomunitaria activas. Con este tipo de programacións, de maneira natural, estímase o sentido de identificación e pertenza individual e colectiva pola súa xeración de sinerxias de interacción co entorno social, permitindo igualmente que, as comunidades e os individuos accedan a variadas programacións que, normalmente, non atopan no seu propio medio xeográfico. Polo tanto, a cultura pasa a ser un fundamento de cohesión social e desenvolvemento sustentable.

Con este tipo de iniciativas de natureza cultural non só pretende levar e espallar o lecer a todos os recunchos da provincia, senon que tamén se potencian os elementos

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	34/47	



de cohesión social e territorial que permiten loitar contra os atrancos do acceso á cultura e a tradición cultural: democracia cultural.

Dentro deste Programa Móvete, 2026 poderán formar parte calquera manifestación de programación propia en pechado, organizada polo Servizo de Cultura e, cuxo obxecto sexa o apoio a lingua, as tradicións, as expresións orais, as artes do espectáculo, en especial a danza e a música, as representacións, os xogos, os usos sociais, os rituais, os cerimoniais e demais actos festivos, así como calquera outra manifestación do legado material e inmaterial galego que permita protexer, valorizar, fomentar, conservar e transmitir a idiosincrasia da identidade cultural do pobo galego, calquera que sexa o seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, etnográfico, antropológico, industrial, científico, técnico, documental ou bibliográfico.

A oferta cultural deste Programa Móvete, 2026 estará integrada por todo tipo de actividades de natureza cultural e artística: actividades musicais infantís, monicreques, actividades circenses, obradoiros infantís, maxia, danza, actuacións musicais de natureza folk, pop-rock, clásica, electrónica, tradicional (non acústica)-, charangas; a realización de murais e de grafitis didácticos e/ou conmemorativos, a promoción das artes escénicas en xeral, as exposicións artísticas en particular (con e/ou sen itinerancia e con/ou sen parladoiros), os xogos, etc....

Neste Programa Móvete 2026, a Deputación de Lugo (servizo de Cultura) asumirá o 100% do caché de cada actividade e, o período de execución do mesmo será dende a súa aprobación e ata o 31 de decembro de 2026 (incluídas as actividades de Nadal)

Estas actividades propias de carácter pechado poderán realizarse en espazos interiores ou exteriores dentro do ámbito xeográfico lucense, sendo os obxectivos a acadar- entre outros- os seguintes:

Incentivar a produción e o consumo cultural

Apoiar e dar visibilidade as actividades e iniciativas culturais que protexan, difundan e conserven o patrimonio cultural de Galicia.

Servir como instrumento para o fomento da sociedade do benestar nunha provincia de forte atomización demográfica e de poboamento diseminado, achegando o coñecemento da cultura tradicional a toda a veciñanza da provincia.

Facer destas manifestacións un estímulo para a integración, a conservación, a promoción e difusión do patrimonio cultural galego, así como da súa lingua.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	35/47



Remover os obstáculos que dificultan a chegada de programación cultural ao medio rural da provincia.

Contribuír ao desenvolvemento económico, social e cultural preservando a tradición, promovendo a participación, a integración social e a reactivización da actividade económica cultural.

Promover a participación e a integración social a través da descentralización das manifestacións culturais propias.

Complementar a programación cultural e artística a que ten acceso a veciñanza, dentro do ámbito territorial e de actuación da Deputación de Lugo (a provincia de Lugo): democracia cultural e descentralización das actividades lúdico-culturais.

De igual xeito, esta programación pechada e integrada no Plan Cultural do servizo de Cultura materializarase – en cada caso- de acordo co procedemento legalmente establecido e segundo corresponda. O orzamento total para a súa implementación e posta en marcha será de 900.000,00 euros, desglosados do seguinte xeito:

Para o pago das actividades a materializar dentro deste Programa Móvete 2026: 814.500,00 €.
Pago de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor): 85.500,00 €

* Na distribución das actuacións, o Servizo de Cultura prestará especial fincapé á creación e ao impulso de sinerxias entre concellos veciños; á difusión das programacións deste Programa a todos os recunchos da xeografía provincial, á distribución o máis equilibrada posible en atención aos núcleos de poboación, a distribución da poboación e ás potenciais necesidades e demandas do colectivo demográfico lucense.

Con este tipo de iniciativas de programación propia en pechado, o servizo de Cultura aposta pola necesidade de innovar, incrementar o movemento económico das industrias culturais, fomentar a protección e conservación do patrimonio cultural, así como polo fomento da actividade social como mecanismo de integración e de benestar social para a nosa poboación, atendendo sempre ás necesidades detectadas no territorio provincial.

As obrigas/compromisos das partes:

1.- Consideracións a ter en conta para as contratacións deste Programa Móvete, 2026.

- Presentar documentación acreditativa de estar dados de alta no IAE, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver.
- Responsabilizarse do cumprimento da normativa legal e hixiénico-sanitaria (se fose o caso) vixente en cada momento para a organización e realización deste tipo de actividades ata o mesmo momento da finalización da actividade, eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.
- Realizar as actuacións nos lugares, días e horas establecidos pola Deputación de Lugo (Servizo de Cultura).
- A de lle expediren á Deputación a/as factura/as correspondentes ao 100% do custe das actividades culturais contratadas e, sempre que se acredite a realización satisfactoria das mesmas.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	36/47	



e) As actuacións materializadas serán en galego (agás actuacións a contratar que sexan de fóra da Comunidade Autónoma) pero, sendo tamén a lingua galega a empregada na publicidade que se faga das mesmas. Así mesmo, na difusión das actuacións, calquera que sexa o medio, terá que indicarse – obrigatoriamente- que éstas actividades forman parte do Programa Móvete 2026 organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo – Servizo de Cultura-.

f) As persoas físicas e/ou xurídicas contratadas terán que contar cos seguros pertinentes para a realización das actuacións. A Deputación queda exenta de calquera responsabilidade derivada deste programa, do cumprimento dos protocolos de seguridade – de acordo coa normativa vixente-para a realización deste tipo de actividades e tamén de aquelas outras derivadas das situacións que se poidan producir non só durante os ensaios (se fose o caso), a propia actuación, senón tamén durante o desprazamento -previo e posterior ás actuacións-.

g) Non poderán participar neste Programa Móvete, 2026 os grupos onde todos os seus integrantes sexan menores de idade. Cando nos grupos participantes neste Programa existisen membros integrantes menores de idade deberá facerse cargo da súa seguridade a persoa responsable do grupo contratado, quedando a Deputación de Lugo eximida de calquera responsabilidade derivada da participación de menores dentro deste Programa.

h) Aboar – se fose o caso- os gastos a terceiros que a súa actuación poida xerar (transporte, seguros, equipos para a actuación e material, gastos de persoal, impostos, seguridade social, e calquera outro gasto que puidera derivarse).

i) Declarar que son coñecedores de que esta programación puidera- en ocasións-estar suxeita ao pago de tarifas de dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor), ben a entidades de xestión de dereitos da propiedade intelectual autorizadas polo Ministerio de Cultura, ou ben a outras entidades; datos dos que deberemos informar correctamente á Unidade xestora do Programa.

k) Para o caso de actuacións / traballo habitual con menores é obrigatorio a presentación dun Certificado de Delitos de Natureza Sexual de acordo co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

m) Presentar un historial da persoa física e/ou xurídica a contratar e unha memoria detallada da actividade cultural/ou actividades culturais, se fose o caso.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	37/47	

2.- Consideracións a ter en conta por parte da Deputación de Lugo (servizo de Cultura).

- a) Aboar o 100% do caché das actividades do Programa Móvete, 2026 e, sempre que se acredite a realización da actividade de forma satisfactoria.
- b) Solucionar canto inconviniente puidera xurdir para o desenvolvemento do programa.
- c) Decidir e distribuír o cronograma espacial e temporal das actividades derivadas deste Programa Móvete, 2026.
- d) Cantas outras situacións se deriven do contido estrito deste Programa(...)

2º.- Visto que existe consignación orzamentaria para desenvolver o Programa Móvete, 2026.

3º.- Resultando que, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Por todo o dito, a Deputada delegada de Cultura, en funcións propón- se procede- que pola Xunta de Goberno- se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o Programa Móvete 2026, por importe de 900.000,00 €, desglosados do seguinte xeito:

Para asumir o caché das actividades/actuacións do Programa: 814.500,00 €

Para asumir o pago -se fose o caso- dos dereitos de propiedade intelectual (dereitos de autor): 85.500,00 €."

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO AO COBRO DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS CULTURAIS E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS, REALIZADOS POLAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2024.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

"En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe Anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	38/47





da Xunta de Goberno do día 13 de decembro de 2024, ao abeiro da convocatoria en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024, convocado mediante extracto da convocatoria publicada no BOP nº 082 de 9 de abril de 2024.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica:

Primeiro: Na Xunta de goberno do día 22 de marzo de 2024, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024.

Segundo: Con data 9 de abril de 2024, a convocatoria publícase no Boletín Oficial da provincia número 082, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do citado extracto da convocatoria.

Terceiro: Con data 13 de decembro de 2024, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024, así como as solicitudes desestimadas. Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 290 de data 17 de decembro de 2024.

Cuarto: O punto 11 das Bases da convocatoria, denominado “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

Quinto: O punto 12 das bases mencionadas, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación” prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	39/47



A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiari, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, o prazo rematará o 31 de marzo de 2025.

(...)

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen que achegase a conta xustificativa, requirirase ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de quince días hábiles. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación”.

Sexto: Unha vez finalizado o prazo para presentación das correspondentes xustificacións, constatase que as Asociacións que figuran na listaxe anexa, non presentaron a conta xustificativa, requisito indispensable para proceder ao abono da subvención, segundo se sinala nos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria, motivo polo que, a Presidencia da Deputación de Lugo, con data 19 de xuño de 2025, resolveu:

“1º.- Requerir as beneficiarios relacionados a continuación, para que presenten a documentación sinalada no punto 11 das Bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024.

2º.- Notificar as beneficiarios relacionados a Resolución da Presidencia, indicando que, de acordo co sinalado nos puntos 3, 11 e 12 das Bases reguladoras do mencionado concurso e no apartado 3 de artigo 70 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, requíreselle, para que no prazo improrrogable de 15 días, presente a citada documentación xustificativa, advertíndoselle, que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a revogación da subvención concedida”.

Sétimo: Transcorrido o citado prazo de 15 días, o devandito requirimento non foi atendido polos beneficiarios das entidades asociativas que se reflicten na listaxe anexa, polo que a Presidencia desta Deputación, con data 3 de novembro de 2025, resolveu:

“1º.- Que se inste o inicio dos expedientes de perda de dereito ás subvencións concedidas, ao abeiro da convocatoria en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024, por acordo da Xunta da Goberno do día 13 de decembro de 2024, por incumprimento da obriga de xustificación, en virtude dos artigos 34 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

2º.- Que se notifique aos interesados que dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia, segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no punto 12

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	40/47





das Bases da convocatoria, para alegar e presentar a conta xustificativa da subvención concedida, e que xa lles foi requirida no seu momento.”

Oitavo: Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as Asociacións culturais que se reflicten na listaxe anexa, non presentaron, no Rexistro desta Entidade, alegacións ou a conta xustificativa, requisito indispensable para proceder ao abono da subvención, segundo se sinala nos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria.

En base ao antedito, esta Xefatura de Servizo informa:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na listaxe anexa, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno de data 13 de decembro de 2024, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 9 de abril de 2024, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na seguinte listaxe, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno de data 13 de decembro de 2024, polo que se resolveu o concurso de subvencións de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	41/47	

N.º EXPEDIENTE	ENTIDADE	CONCELLO	ACTIVIDADE
2024/CCP_01/000814	ASOC. CULT. OS MACANUDOS	BARREIROS	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO
2024/CCP_01/000912	ASOC. MÚSICO CRISANTO	BEGONTE	ADQUISICIÓN TARIMADO ESCENARIO MÓVIL
2024/CCP_01/000893	ASOC. CULT. AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO	COSPEITO	ADQUISICIÓN DE EQUIPO DE SON
2024/CCP_01/000752	AGRUP. CULT. AMIGOS DAS ARTES O FEITIZO	FOZ	ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS E MOBILIARIO
2024/CCP_01/000778	AAVV OS VILLARES	GUITIRIZ	ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS E EQUIPO DE SON
2024/CCP_01/001058	ASOC. CULT. VAL DE LÁNCARA	LÁNCARA	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA CLUB DE LECTURA
2024/CCP_01/000984	ASOC. MUSICAL REVIRAVOLTA	LUGO	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO PARA GRAVACIÓN
2024/CCP_01/000994	AAVV SAN JUAN DEL CAMPO	LUGO	ACONDICIONAMENTO LOCAL SOCIAL
2024/CCP_01/001005	ASOC. CULT. COLECTIVO VERMUT	MONFORTE DE LEMOS	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO
2024/CCP_01/001071	ASOC. CULT. DEPORTIVA LECER DE GAMELLE	POL	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO E MUSICAL
2024/CCP_01/000840	ASOC. SOUTO DO VAL	QUIROGA	ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO
2024/CCP_01/000898	CENTRO DE ANIMACIÓN RURAL REMANSIÑO DO SIL	RIBAS DE SIL	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO MUSICAL E DE SON
2024/CCP_01/000798	ASOC. CULT. MEIGAS E TRASGOS	SARRIA	ACONDICIONAMENTO ROPEIRO
2024/CCP_01/000793	APA Y EXAL. COL. NAC. MIXTO STA MARÍA DEL VALLE DE OURO	O VALADOURO	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO
2024/CCP_01/000616	ASOC. CULT. SONES DE MISERICORDIA CIUDAD DE VIVEIRO	VIVEIRO	ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS E ACCSORIOS
2024/CCP_01/000794	AMURAXE	XERMADE	PINTURA DO EXTERIOR DO LOCAL SOCIAL

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PERDA DE DEREITO AO COBRO TOTAL DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL REALIZADAS POR ASOCIACIÓNS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2024.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe Anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	42/47





da Xunta de Goberno do día 13 de decembro de 2024, ao abeiro da convocatoria en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural realizadas por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024, convocado mediante extracto da convocatoria publicada no BOP nº 082 de 9 de abril de 2024.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica:

Primeiro: Na Xunta de goberno do día 22 de marzo de 2024, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á realización de actividades de interese cultural realizadas por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024.

Segundo: Con data 9 de abril de 2024, a convocatoria publícase no Boletín Oficial da provincia número 082, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do citado extracto da convocatoria.

Terceiro: Con data 13 de decembro de 2024, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á realización de actividades de interese cultural realizadas por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024, así como as solicitudes desestimadas. Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 290 de data 17 de decembro de 2024.

Cuarto: O punto 11 das Bases da convocatoria, denominado “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

Quinto: O punto 12 das bases mencionadas, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación” prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	43/47	

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, o prazo rematará o 31 de marzo de 2025.

(...)

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen que achegase a conta xustificativa, requirirase ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de quince días hábiles. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación”.

Sexto: Unha vez finalizado o prazo para presentación das correspondentes xustificacións, constatase que as Asociacións que figuran na listaxe anexa, non presentaron a conta xustificativa, requisito indispensable para proceder ao abono da subvención, segundo se sinala nos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria, motivo polo que, a Presidencia da Deputación de Lugo, con data 19 de xuño de 2025, resolveu:

“1º.- Requerir as beneficiarios relacionados a continuación, para que presenten a documentación sinalada no punto 11 das Bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural realizadas por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024.

2º.- Notificar as beneficiarios relacionados a Resolución da Presidencia, indicando que, de acordo co sinalado nos puntos 3, 11 e 12 das Bases reguladoras do mencionado concurso e no apartado 3 de artigo 70 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, requíreselle, para que no prazo improrrogable de 15 días, presente a citada documentación xustificativa, advertíndoselle, que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a revogación da subvención concedida”.

Sétimo: Transcorrido o citado prazo de 15 días, o devandito requirimento non foi atendido polos beneficiarios das entidades asociativas que se reflicten na listaxe anexa, polo que a Presidencia desta Deputación, con data 5 de decembro de 2025, resolveu:

“1º.- Que se inste o inicio dos expedientes de perda de dereito ás subvencións concedidas, ao abeiro da convocatoria en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural realizadas por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024, por acordo da Xunta da Goberno do día 13 de decembro de 2024, por incumprimento da obriga de xustificación, en virtude dos artigos 34 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

2º.- Que se notifique aos interesados que dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia, segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no punto 12

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	44/47





das Bases da convocatoria, para alegar e presentar a conta xustificativa da subvención concedida, e que xa lles foi requirida no seu momento.”

Oitavo: Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as Asociacións culturais que se reflicten na listaxe anexa, non presentaron, no Rexistro desta Entidade, alegacións ou a conta xustificativa, requisito indispensable para proceder ao abono da subvención, segundo se sinala nos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria.

En base ao antedito, esta Xefatura de Servizo informa:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na listaxe anexa, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno de data 13 de decembro de 2024, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural realizadas por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 9 de abril de 2024, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na listaxe anexa, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno de data 13 de decembro de 2024, polo que se resolveu o concurso de subvencións de concorrencia competitiva para a realización de actividades de interese cultural realizadas por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	45/47	

N.º EXPEDIENTE	ENTIDADE	CONCELLO	ACTIVIDADE
2024/CCP_01_000863	CLUB DE LECTORES ROSALÍA DA BIBLIOTECA	ANTAS DE ULLA	CONVIVENCIA TEATRAL
2024/CCP_01_000720	BANDA MÚSICA DE ANTAS	ANTAS DE ULLA	CAMPAMENTO MUSICAL
2024/CCP_01_000800	IRMANDADE SANTO ESTEVO	BARREIROS	MAGOSTO
2024/CCP_01_000775	AA.VV. OS VILARES	GUITIRIZ	OBRADOIROS DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL GALEGO
2024/CCP_01_001056	A.C. VAL DE LÁNCARA	LÁNCARA	FESTA DA MALLA
2024/CCP_01_000790	CLUB LÚDICO DE ARTE E PATAFÍSICA (CLAP)	LUGO	CONCERTOS
2024/CCP_01_000980	AA.VV. SAN ANDRÉS DE CASTRO	LUGO	VIAXE CULTURAL
2024/CCP_01_001061	A.C.D.R.H. PAX ROMANA LUCUS	LUGO	OBRADOIRO DE FABRICACIÓN DE ESCUDOS E OBRADOIRO DE ESCRITURA
2024/CCP_01_001018	ASOC. AMIGOS PARROQ. PEDREDA, CARBALLIDO, BÓVEDA	LUGO	XORNADA INTERXENERACIONAL
2024/CCP_01_001004	COLECTIVO VERMUT	MONFORTE	PICNIC CULTURAL
2024/CCP_01_001074	A.C. LECER DE GAMELLE	POL	TALLERES MÚSICA E DANZA TRADICIONAL
2024/CCP_01_001054	ANPA CEIP VIRXE DA LUZ	PORTOMARÍN	ACTUACIÓN MUSICAL
2024/CCP_01_001064	ASOC. BANDA DE MÚSICA DA COMARCA DE SARRIA	SARRIA	FESTIVAL DE MÚSICA DA COMARCA DE SARRIA

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta do decreto da Presidencia de data 9 de xaneiro de 2026.

Dase conta do decreto da Presidencia de data 9 de xaneiro de 2026, no que por avocación de competencia, se rectifica a titularidade das fincas 4, 7, 9, 12, 14, 21, 24, 33, 34 e 43 do “Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución do polígono industrial da Fonsagrada. Solo urbanizable industrial SUDI-1”. A Xunta de Goberno queda enterada.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	46/47





E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO

	IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Fecha y Hora	20/01/2026 16:01:00	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QFWA2HFZ2JSVJUA4BF5XWOA	Página	47/47	